

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA TELEMÁTICA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 13 DE ABRIL DE 2021.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D.^a María Guadalupe Pombo Carril
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Marta María Iglesias Becerra
D. Abraham Seijas González
D.^a Yessica Méndez Sánchez

NON ASISTE:

D.^a Marta María Figueroa Fuentes

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Vanessa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

O día trece de abril de dous mil vinte e un, a través da plataforma COUNCILBOX, ás trece horas e corenta e dous minutos comeza a sesión extraordinaria telemática, en primeira convocatoria, da Xunta de Goberno Local, convocada a través da sede electrónica do Concello. Preside a sesión o Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e asisten os/as Sres./as concelleiros/as, D.^a María Guadalupe Pombo Carril, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D. Carlos Liñares Gestal, D.^a Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.^a Yessica Méndez Sánchez.

Non asiste á sesión a Sra. concelleira D. Marta María Figueroa Fuentes.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal D.^a Vanessa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA EN DATA 5 DE ABRIL DE 2021.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día 5 de abril de 2021, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 5 de abril de 2021.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Orde do 24 de marzo de 2021, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento PL400A). DOG núm. 66 do 09-04-2021.

- Anuncio do 29 de marzo de 2021, de Augas de Galicia, de información pública da solicitude de G.R.P. de autorización de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Ledoño. Expediente: DH.W15.74298. BOP núm. 62 do 06-04-2021.
- Resolución do 5 de abril de 2021, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión provisional de subvencións correspondentes ao Programa FO207: convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para o mantemento de conservatorios, escolas de música e escolas de danza municipais durante o ano 2021. BOP núm. 62 do 06-04-2021.
- Resolución do 30 de marzo de 2021, da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación -Xefatura Territorial da Coruña -Servizo de Enerxía e Minas-, pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación de distribución eléctrica no Concello de Culleredo (expediente-e.: IN407A 2021/2-1). BOP núm. 63 do 07-04-2021.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- O Sr. Liñares Gestal dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da concellería delegada da Área de Medio Ambiente, Obras e Servizos:

“

- Resolución número CUL/RES/457/2021 de data do 29/03/2021 pola que se concede a licenza municipal para uso especial de dominio público, para reserva de espazo de entrada e saída de vehículos (modalidade Reserva con horario laboral), para o garaxe particular situado na R/. José Ramallo, núm. 14 – Tarrío.
- Resolución número CUL/RES/482/2021 de data do 05/04/2021 pola que se concede o permiso de vertedura ao sistema público de saneamento á sociedade MATÍAS GARCÍA, SL, para unha nave industrial destinada á actividade de “procesado de pescados, crustáceos e moluscos” (CNAE 1021) e “intermediarios do comercio de produtos alimenticios, bebidas e tabacos” (CNAE 4617), situada na R/. Río Mero, núm. 7 (parroquia de Almeiras).”

C.I.F. P-1503100-H

2.2.2.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións e actividades da concellería delegada da Área de Política Social e Promoción do Deporte:

“

***SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade
23/02/2021	246	Dar de baixa o servizo municipal de Axuda no fogar de por mor de seu falecemento, e declarar terminado o procedemento.	***1239**	
04/03/2021	323	Dar de baixa no servizo municipal de Axuda no fogar e declarar terminado o	***7523**	

		procedemento.		
--	--	---------------	--	--

****PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013.**

C.I.F. P-1503100-H

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
23/02/2021	255	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago.	***7379**	Pago do recibo de cuotas da comunidade de 2020.	240,02€
23/02/2021	257	Concesión axuda económica.	****7214*	Pago de aluguer, correspondente aos meses de agosto, setembro, outubro e novembro (220€/mes) e parte do recibo de decembro (195€) de 2020.	1075€
01/03/2021	278	Concesión axuda económica.	***9587**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de decembro de 2020 (129€) e de xaneiro a maio de 2021 (200€/mes).	1129€
01/03/2021	279	Concesión axuda económica.	****5931*	Pago de aluguer, correspondente aos meses de decembro de 2020 (215,38) e xaneiro e febreiro de 2021 (370€/mes). Pago de recibo de auga, correspondente ao 1º trimestre de 2020 (50,11€), 2º trimestre de 2020 (53,69€) e 3º trimestre de 2020 (70,62€).	955,38€ 174,42€
01/03/2021	280	Concesión axuda económica.	***4487**	Pago de aluguer,	1129€

Código do documento	Código do expediente
USG15I01JU	USG/2021/63
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 2K09 5626 5U1X 285G 0GHZ	

C.I.F. P-1503100-H

				correspondente aos meses de xaneiro de 2021 (79€) e de febreiro a abril de 2021 (350€/mes).	
01/03/2021	281	Concesión axuda económica.	***0812**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de decembro de 2020 (49€) e de xaneiro a xuño de 2021 (180€/mes).	1129€
01/03/2021	282	Concesión axuda económica.	****5931*	Pago de aluguer, correspondente aos meses de decembro de 2020 (215,38) e xaneiro e febreiro de 2021 (370€/mes). Pago de recibo de auga, correspondente ao 1º trimestre de 2020 (50,11€), 2º trimestre de 2020 (53,69€) e 3º trimestre de 2020 (70,62€).	955,38€ 174,42€
01/03/2021	283	Concesión axuda económica.	****8326*	Pago de aluguer, correspondente aos meses de decembro de 2020 (79€) e de xaneiro a marzo de 2021 (350€/mes).	1129€
01/03/2021	284	Concesión axuda económica.	***3620**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de decembro de 2020 (329€) e xaneiro e febreiro de 2021 (400€/mes).	1129€
01/03/2021	285	Concesión axuda económica.	***2474**	Pago do recibo de electricidade, correspondente a 10 meses de 2021. Pago de recibo de auga, correspondente ao 4º trimestre de 2020 e 1º, 2º	

Código do documento	Código do expediente
USG15I01JU	USG/2021/63
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 2K09 5626 5U1X 285G 0GHZ	

C.I.F. P-1503100-H

				3 3º trimestre de 2021. Bono de alimentos tipo B e bono de hixiene tipo A, durante 6 meses e cunha entrega mensual.	
01/03/2021	286	Concesión axuda económica.	***3007**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de decembro de 2020 (129€) e de xaneiro a maio de 2021 (200€/mes).	1129€
03/03/2021	307	Concesión axuda económica.	****2623*	Pago de aluguer, correspondente aos meses de xaneiro 2021 (129€) e de febreiro a abril de 2021 (330€/mes).	1129€
03/03/2021	308	Concesión axuda económica.	***8878**	Pago do recibo da comunidade correspondente aos meses de setembro, outubro, novembro e decembro de 2020 e os recibos correspondentes ao ano 2021. Pago de recibo de auga, correspondente ao 4º trimestre de 2020 e recibos de 2021. Recibo de electricidade, correspondente aos recibos de setembro, outubro, novembro e decembro de 2020 e recibos do ano 2021. Pago de recibos de gas correspondentes a os meses de setembro, outubro, novembro e decembro de 2020 e recibos de 2021.	

Código do documento	Código do expediente
USG15I01JU	USG/2021/63
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 2K09 5626 5U1X 285G 0GHZ	

C.I.F. P-1503100-H

03/03/2021	312	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago.	***5004**	Pago dos recibos de electricidade correspondente ao a setembro, outubro e novembro de 2020. Recibo de auga correspondente ao 3º trimestre de 2020.	88,62€ 62,57€
03/03/2021	313	Concesión axuda económica.	***5824**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de setembro (400€), outubro (400€) e novembro (275€) de 2020.	1075€
10/03/2021	349	Concesión axuda económica.	***3846**	Pago de recibo de electricidade, correspondente a 8 meses de 2021. Pago de recibo de auga, correspondente ao 4º trimestre de 2020 e 1º, 2º e 3º trimestre de 2021. Recibo de gas, correspondente a 2 bombonas ao mes durante 6 meses de 2021. Conceder ao interesado o Bono de alimentos tipo B e o bono de hixiene tipo A, durante 4 meses e cunha entrega mensual.	
10/03/2021	350	Concesión axuda económica.	****3683*	Pago de aluguer, correspondente aos meses de novembro 2020 (329€), decembro 2020 (400€) e xaneiro 2021 (400€).	1129€
10/03/2021	351	Concesión axuda económica.	****8279*	Pago de aluguer, correspondente aos meses de xanerio, febreiro, marzo e abril	1129,80€

Código do documento USG15I01JU	Código do expediente USG/2021/63
Código de Verificación Electrónica (COVE)  2K09 5626 5U1X 285G 0GHZ	

				(250€/mes) e maio de 2021 (129,80€).	
10/03/2021	352	Concesión axuda económica.	***1114**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de xaneiro a marzo (330€/mes) e abril de 2021 (139,80€).	1129,80€

SERVIZOS COMUNITARIOS BÁSICOS
PROGRAMA V DE SOLIDARIEDADE E DINAMIZACION SOCIAL

***Cooperación Social:*

FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN SOCIAL:

O mércores 7 de abril, tivo lugar a Asamblea Xeral, na modalidade de videoconferencia, de Entidades Sociais que forman parte de Fondo Galego, dentro das cales se inclúe o Concello de Culleredo.

Tratáronse os seguintes puntos:

1. Baixa do Igadi como entidade socia do Fondo Galego

2. Alta do Cncello de Carral e do Concello de Molgas (Ourense),

Polo tanto, o número de entidades socias do Fondo é de 101, 98 concellos e 3 deputacións, sen que haxa ningunha outra entidade asociada de natureza xurídica distinta.

3. Renovación de cargos da Comisión Executiva do Fondo

Presidente: Juan Gonzáles do Concello de Nigrán

Vicepresidenta: Ana Breixo do Concello de San Sadurniño

Teoureiro: Daniel Carril do Concello de Ames Día Mundial da Saúde

Con motivo do día mundial da Saúde, o 7 de abril, leváronse a cabo en Culleredo as seguintes actividades:

- 6 de abril, ás 12:00 h: tertulia radiofónica en Radio Culleredo: "Cancro e saúde", a cargo da Asociación de trasplantados de médula ósea de Galicia, ASOTRAME.
- 8 de abril, ás 12:00 h: tertulia radiofónica en Radio Culleredo: "Saúde mental", a cargo de Jose María Iparraguirre Gómez, psicólogo Apem Culleredo."

2.2.3.- O Sr. Iglesias Lovelle dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da concellería delegada da Área de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo:

"ACTIVIDADES CULTURAIS

VENRES 16 DE ABRIL

Código do documento	Código do expediente
USG15I01JU	USG/2021/63
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2K09 5626 5U1X 285G 0GHZ	

Obradoiro. “Calendario”, con Tótem xestión creativa.
Desenvolveráse nas redes sociais do Concello de Culleredo.”

2.3. SENTENZA 44/2021 DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 2 DA CORUÑA, PROCEDEMENTO ORDINARIO 214/2019.

O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local da sentenza 44/2021, do 26 de marzo de 2021, do Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 2 da Coruña, Procedemento Ordinario 214/2019, en cuxo fallo di:

“**ESTIMANDO** recurso contencioso administrativo interpuesto por D. Jorge Bejerano Pérez, Procurador de los Tribunales, en nombre y representación de la entidad mercantil SETEX APARKI, S.A frente a la desestimación de recurso de reposición interpuesto contra la denegación presunta de la reclamación efectuada al Ayuntamiento de Culleredo, por la actora, SETEX APARKI, S.A., con fecha 24 de enero de 2019 de la suma de 237.791,57 euros condenando al Concello de Culleredo a abonar a SETEX APARKI, S.A la suma de 237.791,57 euros más los intereses legales desde la fecha de la reclamación, con expresa condena en costas a la demandada conforme el fundamento quinto de la presente resolución.

Notifíquese la presente sentencia a las partes, advirtiéndoles que contra la misma podrá interponerse **recurso de apelación** ante este Juzgado, en el plazo de 15 días, mediante escrito razonado que deberá de contener las alegaciones en que se fundamente el recurso.

(.../...)”

C.I.F. P-1503100-H

2.4.- SENTENZA 154/2021 DO XULGADO DO SOCIAL NÚM. 6 DA CORUÑA, PROCEDEMENTO ORDINARIO 576/2020.

O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local da sentenza 154/2021, do 25 de marzo de 2021, do Xulgado do Social núm. 6 da Coruña, Procedemento Ordinario 576/2020, en cuxo fallo di:

“Que debo estimar y estimo la demanda presentada por Dª P.F.S. contra CONCELLO DE CULLEREDO y declaro su derecho a que los servicios a jornada completa deberían tener fecha de efectos de 30 de mayo de 2020, condenando al demandado a estar y pasar por lo anterior y a abonar a la actora una indemnización de 1.164,59 euros.

Notifíquese la presente resolución a las partes haciéndoles saber que contra la misma no cabe ningún recurso.

(.../...)”

2.5.- SENTENZA 43/2021 DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 2 DA CORUÑA, PROCEDEMENTO ORDINARIO 206/2019.

O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local da sentenza 43/2021, do 26 de marzo de 2021, do Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 2 da Coruña, Procedemento Ordinario 206/2019, en cuxo fallo di:

“**DESESTIMANDO** recurso contencioso administrativo interpuesto por el Letrado D. ROBUSTIANO FERNANDEZ FERNÁNDEZ, en representación de D. M.R.V.Z. frente a resolución del Concejel Delegado de Urbanismo del Ayuntamiento de Culleredo de fecha 14 de junio de 2019, con expresa condena en costas al demandante conforme el fundamento cuarto de la presente resolución.

Notifíquese la presente sentencia a las partes, advirtiéndoles que contra la misma podrá interponerse **recurso de apelación** ante este Juzgado en el plazo de 15 días, mediante escrito razonado que deberá de contener las alegaciones en que se fundamente el recurso.

Código do documento	Código do expediente
USG15I01JU	USG/2021/63
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2K09 5626 5U1X 285G 0GHZ	

(.../...)"

3.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta e sete minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe
O alcalde
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)